

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**SEXUALIDADE E AFECTIVIDADE**  
**AO LONGO DO CICLO VITAL**  
**curso 2020-2021**

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

Nome da materia	Sexualidade e afectividade ao longo do ciclo vital
Código	IV10512
Curso	Segundo
Créditos Totais	1.5 ECTS
Horas totais de traballo da/o estudante	38 horas
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Castelán

**I.1. Profesora:**

**Coordinadora da materia: Patricia Alonso Ruido (patriciaruido@uvigo.es)**

Profesora	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Rosana Martínez Román	1.5 A	Lunes de 16:30- 17.30	Por determinar	Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:**

Non son necesarios

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO**

- Esta materia se imparte no segundo curso do curso intensivo do Programa Universitario de Maiores (PUM)

**III.- OBXECTIVOS XERAIS**

- Afrontar a sexualidade e a afectividade como aspectos transversais ao ciclo vital.
- Abordar a sexualidade e a afectividade humana dende unha perspectiva diversa e de xénero.

**IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES**

Esperase do alumnado que:

- Fomentar actitudes positivas cara á sexualidade.
- Achegarse ao estudo científico da sexualidade humana.
- Achegarse ao estudo das cuestións relacionadas co xénero.
- Coñecer ou proceso de construción da identidade sexual.
- Cuestionar o modelo tradicional e reducionista heteronormativo.
- Comprender e valorar a diversidade de identidades sexuais.
- Descubrir os sentimentos, crenzas e condutas relacionadas co amor e ou namoro.
- Proporcionar habilidades de relación e comunicación que promovan a integración da sexualidade como fonte de saúde, pracer, comunicación e afectividade.
- Promover a comprensión dos importantes vínculos que poden establecerse entre a sexualidade e ou afecto, e ás repercusións destes na expresión da sexualidade.
- Coñecer as características da sexualidade na etapa adulta e na vellez.
- Traballar a expresión da dimensión sexual na etapa adulta e na vellez.
- Descubrir os cambios e falsas crenzas sobre a sexualidade dos/as persoas maiores.

**V.- VOLUME DE TRABALLO**

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	9		0.5	9	18	0.9
Prácticas	5		0.7	10	15	0.5
Viaxe de estudos				0	0	0
Probas de avaliación	1		0.3	3	5	0.1
<b>Total</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	<b>1.5</b>	<b>22</b>	<b>38</b>	<b>1.5</b>

**VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS**

**Programa teórico**

Tema	Contidos	Duración
1-4	<b>Bloque I. Sexualidade e identidade</b>	6
	1. Historia da sexualidade: da represión á liberdade. 2. Existe un modelo social sobre a sexualidade? 3. Que é o sexo e o xénero, varían ao longo da vida? 4. Identidades e orientacións sexuais: son flexibles?	
5-11	<b>Bloque II: O pracer e a afectividade ao longo do ciclo vital</b>	9
	5. A expresión sexual humana ao longo do ciclo vital. 6. A reprodución como expresión sexual humana ao longo do ciclo vital: é a maternidade imposición e destino? 7. A resposta sexual humana: cambios ao longo do ciclo vital. <ul style="list-style-type: none"> <li>• pracer como expresión da dimensión sexual humana.</li> <li>• estudo da conduta sexual e da afectividade.</li> </ul> 8. A comunicación, a intimidade e o afecto como expresións da dimensión sexual humana. 9. Relacións socio-afectivas: deconstrución dos mitos do amor. 10. A sexualidade na idade adulta (características e expresión da dimensión sexual). 11. Vantaxes e falsas crenzas sobre a sexualidade na etapa adulta e a vellez.	

**Programa práctico (se o houbera)**

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Elaboración dun pequeno traballo sobre contidos relacionados coa sexualidade	1

**Viaxes de estudo (se as houbera)**

Tema	Actividades a desenvolver	Duración

**Bibliografía básica**

Lameiras, M., Carrera, M. V. & Rodríguez, Y. (2013). *Sexualidad y Salud. El estudio de la sexualidad humana desde la perspectiva de género*. Vigo: Servicio Publicacións da Universidade de Vigo.

Rodríguez, Y., Lameiras, M., Carrera, M. V., & Alonso, P. (2014). *Sexualidade e Saúde. Proposta didáctica*. Vigo: Servicio Publicacións da Universidade de Vigo.

Rodríguez, Y., Lameiras, M. & Carrera, M. V. (2013). *O clitoris e os seus segredos*. Ourense: Difusora.

**Bibliografía complementaria**

Lameiras, M & Orts, E. (2014). (Eds.) *Delitos sexuales contra menores abordaje psicológico, jurídico y policial*, Valencia: Tirant lo Blanch. ISSN: ISBN13:9788490534267.

**VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

**Clases:** A materia abordarase a través de exposicións, lecturas e dinámicas dos contidos relacionados co obxecto de estudo, que serán acompañadas polo visionado de vídeos relacionados cas temáticas de traballo. O desenvolvemento da materia ten como eixe vertebral a participación activa e a reflexión crítica das temáticas abordadas.

**Prácticas (se procede):** Elaboración de pequenos traballos, reflexións e dinámicas de aula.

**Viaxes de estudo (se procede)**

**VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

- Continua, mediante asistencia obrigatoria, téndose en conta a participación activa nas clases (ben sexan presenciais ou online), así como o desenvolvemento das actividades propostas pola docente da materia.
- Opcionalidade de traballo individual.
- Contémplase a posibilidade dun exame final para mellorar a nota.
- A materia impartirase en 15 horas.

**IX.- OBSERVACIÓNS**